



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A ENTIDADE CRUZ VERMELLA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN E INSERCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN. "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU"

Santiago de Compostela 29 de marzo de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D^a María del Carmen Colmeiro Rojo en calidade de Presidenta Autonómica de Cruz Vermella Española, co NIF Q2866001G, actuando en representación da entidade para Galicia, segundo o artigo 13^o punto 2 do Regulamento Xeral Orgánico da Entidade de data 21 decembro de 2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a entidade Cruz Vermella é unha institución humanitaria, de carácter voluntario e interese público, posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e patrimonial para o cumprimento dos seus fins. Exerce a súa actividade en todo o territorio español, coa autonomía necesaria e como única Sociedade nacional de Cruz Vermella en España. Entre os seus fins específicos está a difusión e defensa dos dereitos humanos fundamentais, a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de sexo. Cruz Vermella, poderá prestar, entre outros, os seguintes servizos: a promoción da igualdade entre homes e mulleres, o fomento da empregabilidade e da inserción sociolaboral e a asistencia psicolóxica e social.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro .

Terceiro.- Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e na demais lexislación aplicable na materia.



Cuarto.- Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón "a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren".

Quinto.- O pasado 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe, como elemento central, un "Mecanismo de Recuperación e a Resiliencia" (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Estas medidas aúnan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027 reforzado e a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (Next GenerationEU), cuxo elemento central é o Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de recuperación transformación e resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021, de conformidade co establecido pola decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021.

En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España, que, á súa vez, foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

O citado Plan contempla catro eixos: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero; e estes eixos, á



súa vez, orientan dez políticas panca. Dentro do eixo de promoción da cohesión social e territorial en España, recóllense as medidas dirixidas a impulsar o emprego de calidade, e dentro do eixo de transformación dixital trátase de acelerar a transición dixital humanista en España mellorando as competencias e tecnoloxías necesarias para unha economía e sociedade dixital. Por unha banda, a política panca 8 engloba a «Nova economía dos cuidados e políticas de emprego», que ten, entre as súas finalidades, a mellora do funcionamento do mercado laboral español.

Sexto.- O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021 dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 "Novas políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo". Investimento 2 "Emprego Muller".


O compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aborda importantes retos estruturais no mercado laboral. Así o segundo investimento, "Emprego muller e transversalidade de xénero nas políticas públicas de apoio á activación para o emprego", establece un Programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación, e supón a posta en práctica dun programa novo para mulleres con especial vulnerabilidade.


No BOE do 24 de agosto de 2021 publicouse a Orde TES/897/2021, do 19 de agosto, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2021, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas no ámbito laboral, créditos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinados á execución de proxectos de investimento «Plan Nacional de Competencias Dixitais» e «Novas políticas



Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo» recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sétimo.- O Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece especialidades de xestión que afectan a convenios, consorcios, subvencións, encargos a medios propios e contratación pública, entre outros instrumentos previstos para a execución dos investimentos. A xestión destes créditos polas comunidades autónomas axustarase ao procedemento establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

 **Oitavo.-** A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao amparo dos artigos 19.4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofrecer ás vítimas de violencia de xénero unha formación que lles posibilite unha posterior inserción laboral co obxectivo de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

 Tendo en conta a CRUZ VERMELLA é unha entidade sensibilizada coa igualdade de xénero, que desenvolve proxectos encamiñados á mellora da empregabilidade de mulleres e dada a especificidade das actuacións a desenvolver neste programa, os requisitos que deben reunir as destinatarias do programa, así como a necesidade de que sexa executado por unha entidade que poida actuar de xeito integral, que conte cos medios necesarios



e que reúne as garantías de solvencia técnica para a realización das actividades propostas, estímase xustificada a elección da mesma xa que dispón de todo o necesario para o bo desenvolvemento do proxecto, por todo o exposto é polo que se considera que dita entidade é a idónea para realizar este proxecto e inclúese dentro da excepción ao principio de concorrencia pública de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

1. O obxecto xeral deste convenio é establecer as liñas que rexerán a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a CRUZ VERMELLA para o deseño, desenvolvemento, realización e seguimento do Programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación, cuxo obxectivo é a atención personalizada ás mulleres que participen, e cuxo fin último é mellorar a súa empregabilidade e promover a súa inserción profesional.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

- a) Que as mulleres participen realizando un itinerario de inserción social e laboral.
- b) Que, alomenos, 23 das mulleres participantes completen o itinerario de inserción social e laboral.
- c) Que, alomenos, 14 das mulleres participantes alcancen a condición de insertadas, é dicir que teñan un contrato de traballo, cunha duración mínima



de 6 meses, e subscrito dentro dos 6 meses inmediatamente posteriores á finalización do Itinerario de inserción social e laboral.

2. Constitúe unha actuación incluída no investimento 2, Emprego Muller e transversalidade de xénero nas políticas públicas de apoio á activación para o emprego, comprendida no compoñente 23 Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e pola decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021.

3. De acordo co previsto na Orde TES/897/2021, do 19 de agosto, o número mínimo de participantes no programa que se fixa para Galicia é de 28 mulleres debendo conseguirse, como mínimo, que o 50% das participantes (14 mulleres) se atope efectivamente inserida no mercado laboral á finalización do programa.

4. Para estes efectos, o programa desenvolverá actuacións de carácter persoal, social, formativas e de inserción laboral, que permitan ás mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata ou explotación sexual, adquirir habilidades recursos e ferramentas necesarias para superar as secuelas dos malos tratos e alcanzar as competencias profesionais requiridas para o seu acceso a un emprego que lles proporcione autonomía económica, así como recoñecemento e integración social.

5. O programa abarca itinerarios personalizados de integración social e laboral para estas mulleres, mediante os cales as participantes desenvolverán actuacións personalizadas de inclusión social e, así mesmo, cursarán unha formación en alternancia con compromiso de contratación posterior por parte das persoas empregadoras.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO



O importe total das axudas para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de 560.000 euros, dos cales 280.000 euros correspóndense coa anualidade 2022 e 280.000 euros coa anualidade 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.3 (código de proxecto 2022 00102) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O presente financiamento enmárcase no “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU”, cos fondos asignados na Conferencia Sectorial de Emprego á Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA. PERSOAS DESTINATARIAS FINAIS

As persoas destinatarias finais deste programa serán as mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual, de acordo co previsto no o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego.

CUARTA. ACTUACIÓNS A REALIZAR

1. Para o deseño, desenvolvemento e seguimento do programa obxecto deste convenio, a entidade CRUZ VERMELLA realizará as seguintes actuacións:

- Selección das mulleres participantes, efectuada conforme aos criterios previstos na cláusula quinta deste convenio.
- Realización do itinerario de inserción social e laboral.
- Prospección empresarial.
- Inserción profesional das mulleres participantes, coa subscripción de compromisos de contratación.
- Acompañamento á inserción e seguimento do programa.

2. Estas actuacións desenvolveranse pola entidade asinante deste convenio dentro das anualidades 2022 e 2023.



QUINTA. SELECCIÓN DAS PARTICIPANTES

1. A entidade CRUZ VERMELLA efectuará a selección das mulleres participantes no programa de acordo cos seguintes criterios:

a) Ser maior de idade, ou estar emancipada, e estar desempregada e inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

b) Estar empadroadada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia cando así se esixa pola lexislación vixente.

No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, será suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

c) Atoparse nunha situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Para os efectos deste convenio, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor, ou coa persoa coa que mantivese sobre ela unha relación de dominación, e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.

- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.



- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

2. Terán preferencia para a participación neste programa, aquelas mulleres que teñan unha orde de protección ou medida cautelar en vigor.

SEXTA. INCORPORACIÓN DAS PARTICIPANTES AO PROGRAMA

1. A entidade CRUZ VERMELLA poderá establecer liñas de colaboración e contactar coas oficinas de emprego para a selección de candidatas, así como cos Centros de Información á Muller, cos centros da Rede Galega de Acollemento, co Centro de Recuperación Integral para Mujeres que sofren violencia de xénero e coas entidades da Rede Galega contra a trata e con calquera outro servizo público que traballe no ámbito da violencia de xénero.

2. Todas as entidades indicadas no parágrafo anterior deberán cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

3. Antes de realizar a incorporación da muller ao programa, a entidade CRUZ VERMELLA deberá remitir a selección das candidatas, efectuada conforme aos criterios previstos na cláusula quinta deste convenio, á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade, para a comprobación por esta última dos requisitos das mesmas e posterior comunicación de que a selección realizada é correcta.

4. No caso de producirse a baixa dunha participante no programa, a entidade beneficiaria deberá incluír outra participante, que terá que cumprir os requisitos sinalados na cláusula quinta. Esta substitución deberá realizarse no prazo dos 30 días seguintes á baixa producida.

SÉTIMA. ITINERARIO DE INSERCIÓN SOCIAL E LABORAL

1. A entidade CRUZ VERMELLA deberá realizar coas participantes un itinerario de inserción social e laboral, que se desenvolverá de forma non secuencial, senón circular, e que incluírá, como máximo, 624 horas de formación, debendo garantirse que cada muller participante recibe unha formación mínima de 312 horas. No caso de que a formación supere o mínimo de 312 horas, entenderase que as participantes realizaron o itinerario de inserción social e laboral sempre que se acredite que cursaran o 75% das horas da formación realizada.

2. O itinerario de inserción social e laboral terá que completarse por cada participante nun período de 6 meses.

3. Atendendo aos límites establecidos anteriormente, a duración do itinerario de inserción social e laboral fixarase en función das necesidades de cada muller, do seu nivel de empregabilidade, do seu proceso de recuperación e da intensidade da súa cronificación, sempre que inclúa as catro fases que configuran o itinerario, descritas a continuación:

3.1. Diagnóstico de empregabilidade e elaboración de perfil:

Consiste en definir o perfil profesional de cada participante, a través de orientación, asesoramento e tutorización individualizada, que estableza a diagnose individual de empregabilidade e a definición do itinerario personalizado de inserción.

O diagnóstico de empregabilidade e elaboración de perfil terán unha duración máxima de 15 horas.

3.2. Accións de recuperación e motivación persoal:

Consiste en mellorar a situación da que parten as mulleres cando inician o proceso de inserción e facilitar a súa recuperación integral, fortalecendo a súa autoestima, e dotándoas da confianza e estratexias necesarias para normalizar os seus estilos de vida e volver participar activamente na sociedade, levarase a cabo mediante as seguintes actuacións:



a) O desenvolvemento de ferramentas do proceso de autonomía e empoderamento para a participación no mercado laboral.

Esta formación terá unha duración máxima de 100 horas.

b) O coñecemento do mercado laboral para definir o seu obxectivo profesional e proceso de capacitación e inserción laboral.

Esta formación terá unha duración máxima de 50 horas.

3.3. Talleres de alfabetización dixital e ferramentas de busca de emprego

a) Talleres de alfabetización e empoderamento dixital:

A entidade deberá desenvolver a alfabetización dixital das mulleres participantes, a través de talleres formativos específicos para a adquisición de competencias elementais relacionadas co uso das TIC.

Os talleres de alfabetización e empoderamento dixital terán unha duración máxima de 40 horas.

b) Talleres de ferramentas de busca de emprego:

Consisten en capacitar ás participantes para a busca activa de emprego mediante:

- Ferramentas de busca activa de emprego: currículo, carta ou mensaxe de presentación, etc.

- Recursos e canles de busca activa de emprego: servizos públicos de emprego, axencias de colocación, portais de emprego, redes sociais, internet, etc.

- Información sobre a contorna produtiva: oferta formativa e laboral e profesións con máis posibilidades de inserción.

- Talleres de entrevistas de traballo.

Os talleres de ferramentas de procura de emprego terán unha duración máxima de 50 horas.

c) Titorías individualizadas e acompañamento no proceso de recuperación e autonomía persoal e profesional:

A entidade levará a cabo titorías individualizadas e acompañamento no proceso de recuperación e autonomía persoal e profesional.



Esta formación terá unha duración máxima de 60 horas.

3.4. Capacitación profesional:

Consiste en impartir a formación necesaria en competencias técnicas, profesionais e transversais requiridas polo mercado laboral e proporcionar ás participantes formación laboral a medida, adaptada e vinculada aos ocos de mercado detectados na contorna laboral, vinculando os seus perfís profesionais cos postos de traballo ofertados en cada ámbito xeográfico onde leve a cabo o programa.

A formación impartida ás participantes debe permitir que adquiran, actualicen, reciclen y completen el perfil de competencias profesionais adecuado para cubrir as vacantes de postos de traballo existentes nas empresas coas que a entidade adxudicataria establecera o correspondente compromiso de contratación.

Esta formación terá unha duración máxima de 309 horas, dentro das cales se incluírá un taller soft skills, de 25 horas de duración, que verse sobre competencias transversais representativas e demandadas polo mercado de traballo no ámbito xeográfico de implantación do programa, tales como traballo colaborativo e en equipo, resolución de problemas, xestión da incerteza e a tensión, xestión eficaz do tempo, habilidades de carácter dixital, e similares, que constitúan un valor engadido e diferenciador á hora de optar a un determinado emprego.

4. A realización polas participantes das fases Diagnóstico de empregabilidade e elaboración de perfil, Recuperación e motivación persoal e Talleres de alfabetización dixital e ferramentas de procura de emprego non poderá superar os 3 meses, nin a de Capacitación profesional poderá superar os 3 meses.

5. Estas actuacións serán compendiadas nun informe mensual que deberá elaborar a CRUZ VERMELLA para un correcto seguimento do proxecto.



OITAVA. PROSPECCIÓN EMPRESARIAL

1. A entidade deberá efectuar a prospección de empresas do ámbito xeográfico onde se desenvolva o programa, para identificar oportunidades de emprego para as mulleres participantes, coa triple finalidade de:

a) Obter un diagnóstico do tecido empresarial de cada ámbito xeográfico de desenvolvemento do Programa, configurado con información actualizada das empresas por sector de actividade, tamaño, posibilidades de contratación, etc., en especial: empresas novas, postos de traballo dispoñibles, expectativas de crecemento, necesidades de persoal, perfís laborais requiridos, e tendencias nos diferentes sectores de actividade, así como detectar postos de traballo vacantes na contorna de execución do programa e poder subscribir coas empresas que os oferten os correspondentes compromisos de contratación.

b) Contactar coas empresas para sensibilizar e informar sobre o Programa, as posibilidades de colaboración, así como para valorar as oportunidades de contratación e captar as ofertas de traballo existentes nas empresas, e, por tanto, a súa potencial colaboración co Programa.

c) Confeccionar un censo de empresas diana, que teñan necesidades de persoal, postos de traballo vacantes, ofertas de traballo ou previsión de telas, coas que poder subscribir un compromiso de contratación.

2. Estas actuacións de prospección serán compendiadas nun informe mensual, que deberá elaborar a CRUZ VERMELLA.

NOVENA. SUBSCRICIÓN DE COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN

Para promover a inserción laboral das participantes, a entidade haberá de subscribir os correspondentes compromisos de contratación das mulleres formadas no programa, que se materializarán mediante a tramitación e sinatura do correspondente compromiso de contratación entre a entidade beneficiaria e as empresas e deberán conter a seguinte información: perfís das persoas para contratar; número de persoas que se comprometen a

contratar; modalidade do contrato, duración e xornada e identificación do centro de traballo.

DÉCIMA. INSERCIÓN PROFESIONAL DAS MULLERES PARTICIPANTES

1. A CRUZ VERMELLA deberá conseguir a inserción profesional das mulleres participantes, de forma que, polo menos, 14 mulleres alcancen a consideración de participante inserida.

Para os efectos deste convenio, considerarase participante inserida: aquela muller que complete os 6 meses do Itinerario de inserción social e laboral e que, ademais, teña un contrato de traballo, cunha duración mínima de 6 meses, e subscrito dentro dos 6 meses inmediatamente posteriores á finalización do Itinerario de inserción social e laboral.

Os contratos de traballo resultantes do respectivo compromiso de contratación deberán realizarse, preferentemente, nun posto de traballo axeitado e relacionado coa especialidade formativa impartida, entendéndose que cumpre con estes requisitos aquel posto de traballo que teña por obxecto a realización de traballos vinculados aos coñecementos adquiridos durante a formación previa recibida.

DÉCIMA PRIMEIRA. ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN E SEGUIMENTO DO PROGRAMA

1. A CRUZ VERMELLA deberá realizar o acompañamento das participantes na incorporación e inicio da relación laboral, mediante contactos coa traballadora e a empresa, que a entidade manterá de forma sistematizada e por distintos medios (teléfono, mail, visita á empresa, videoconferencia, etc), e cuxa execución se acreditará documentalmente.

A documentación acreditativa do cumprimento desta actuación deberá ser clara e permitir a comprobación das actuacións efectivamente realizadas, e estará referida ás actuacións desenvoltas no mes inmediatamente anterior.

2. A entidade deberá realizar o seguimento do programa e informe de xestión sobre a execución realizada no mes precedente, coa información detallada que acredite o seu estado respecto de fitos e obxectivos, e sobre o gasto en que se incorreu, a través dos indicadores establecidos para o efecto, incluído o seu reporte polos medios informáticos habilitados con esta finalidade para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

3. En todo caso, as actuacións enmarcadas neste convenio estarán sometidas ao seguimento, control e avaliación que se estableza para o Plan de Reconstrución, Transformación e Resiliencia, así como as obrigas específicas relativas á información e publicidade, control, verificación, seguimento, avaliación e demais obrigas impostas pola normativa interna e da Unión Europea que para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE establézanse e cuxa aplicación sexa de obrigado cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA. EFECTOS ECONÓMICOS

Segundo o disposto no artigo 2 da Orde TES/897/2021, do 19 de agosto, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2021, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas no ámbito laboral, créditos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinados á execución de proxectos de investimento «Plan Nacional de Competencias Dixitais» e «Novas políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo» recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a xestión dos programas en cada unha dos investimentos atenderá ao custo unitario validado pola Intervención Xeral do Estado (IGAE) e que será o módulo de referencia para a xustificación do gasto, segundo o indicado no anexo III no que se indica que o Custo unitario dos investimentos dos compoñentes 19 e 23 (Programas de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación) será de 20.000 euros, de acordo coa seguinte distribución:



1. Axuda de participación para as mulleres:

a) A realización das actuacións que configuran o itinerario de inserción social e laboral implica unha axuda ás mulleres participantes, que a entidade abonará a estas mensualmente, previa xustificación individual de asistencia. Neste caso é como entidade colaboradora a CRUZ VERMELLA debe cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

b) Esta axuda terá unha duración máxima de 6 meses e distribuirase segundo as accións formativas que desenvolvan as participantes:

- As participantes percibirán unha axuda de 500€/mes, durante o período máximo de 3 meses, pola participación nas seguintes actuacións: Diagnóstico de empregabilidade e elaboración de perfil, Recuperación e motivación persoal e Talleres de alfabetización dixital e ferramentas de busca de emprego.

- As participantes percibirán unha axuda de 960€/mes, durante o período máximo de 3 meses, pola participación nas actuacións de Capacitación profesional.

c) O importe total das axudas de participación será como máximo de 245.280 euros.

2. Coste do itinerario de inserción social e laboral:

a) Pola atención ás mulleres participantes, mediante a realización e execución do itinerario de inserción social e laboral, a entidade terá dereito a percibir unha contía en concepto de custo do itinerario, de acordo cos seguintes criterios:

- Abonarase o importe de 10€/hora por cada hora de formación impartida a cada muller participante no programa. En este custo están incluídos todos os gastos necesarios para poder levar a cabo as actuacións de inserción social e laboral, entre outros, os gastos de persoal, gastos indirectos, subministros, seguros.



- O número máximo de horas impartidas por participante non poderá exceder de 624 nin ser inferior a 312. De non conseguirse o número mínimo de horas previsto, o importe económico será minorado de xeito proporcional.

b) O importe máximo total dos custos do itinerario de inserción social e laboral será de 174.720 euros.

3. Custo de execución e seguimento do programa:

a) Pola realización das actuacións de prospección empresarial, subscrición de compromisos de contratación, inserción profesional, acompañamento á inserción e seguimento do programa, a entidade terá dereito a percibir unha contía en concepto de Custo de execución e seguimento do programa, de acordo cos seguintes criterios:

- Abonarase o importe máximo de 5.000€ por cada muller participante no programa e efectivamente inserida no mercado laboral, de acordo co previsto na cláusula novena deste convenio.

- Os contratos de traballo das mulleres inseridas deberán ter unha duración mínima de 6 meses e, ademais, subscribirse dentro dos 6 meses inmediatamente posteriores á finalización do Itinerario de inserción social e laboral, de tal maneira que se permita verificar que, transcorridos 6 meses desde a terminación do itinerario individual desenvolto pola participante, esta continúa integrada no mercado laboral.

b) O importe máximo total dos custos do itinerario de execución e seguimento do programa será de 140.000 euros.

Atendendo á natureza estrutural da actividade a subvencionar e a tipoloxía dos gastos que se pretenden financiar, a continuidade do programa unha vez concluído o presente convenio e o seu financiamento no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, dependerá da existencia de novos fondos na Xunta de Galicia que permitan atender á continuidade do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2023 e abarcará todas as actuacións sinaladas no convenio, desenvoltas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2023.

DÉCIMO CUARTA. PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES

1. Atendendo ao obxecto e natureza do convenio, e conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán realizarse pagos a conta. Ditos pagos a conta suporán a realización de pagos fraccionados, que responderán o ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula décimo sexta.

2. Poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio.

Realizarase un pagamento do 50% da contía da subvención concedida para a anualidade 2022, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo tras a sinatura do convenio. Poderase solicitar un segundo pago anticipado para o ano 2023 do 50%, ou a parte que corresponda, logo da xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións esixidas neste convenio.

Os pagos anticipados calcularanse tendo en conta o orzamento de cada anualidade.

3. O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos anticipos que se puideran conceder non poderán superar o 80% da porcentaxe subvencionada



correspondente aos pagamentos xustificados nin superará a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

4. A liquidación final da subvención será equivalente á cantidade resultante de deducir as contías dos anticipos percibidos dos gastos totais debidamente xustificadas.

5. De acordo co establecido no artigo 65.4. f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro , polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño , de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

DÉCIMO QUINTA. PRAZO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

1. A xustificación correspondente ao ano 2022 comprenderá as actuacións realizadas ata o 30 de novembro de 2022 e presentarase con data límite o 7 de decembro de 2022. A xustificación correspondente ao ano 2023 comprenderá as actuacións realizadas desde o 1 de decembro de 2022 e ata o 30 de novembro de 2023 e presentarase con data límite o 7 de decembro de 2023.

Para un mellor seguimento e control do programa, a entidade poderá presentar cada 2 meses certificacións dos gastos parciais realizados. No caso das axudas de participación a entidade beneficiaria realizará o pagamento das axudas, unha vez acreditado o dereito a percibir a axuda, con data límite do día 15 do mes seguinte a aquel a que corresponda o cobro.

2. Para a adecuada xustificación dos gastos realizados a entidade deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud de pagamento asinada pola persoa que exerce a representación da entidade.



b) Declaración responsable doutras axudas ou subvencións da entidade con indicación do importe e a orixe procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como, para evitar que se produza o dobre financiamento declaración responsable de que a entidade non percibiu outros fondos que contribuíran ao financiamento dos mesmos custos xa financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

c) Certificados de estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Para o abono da axuda de participación para as mulleres:

- Certificación asinada pola persoa responsable da entidade, comprensiva da relación de participantes que percibiron as axudas e o seu importe así como as actividades que realizou ou está realizando a muller beneficiaria da axuda.

- Xustificación do pagamento mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque), en que conste a identificación da entidade pagadora e da destinataria do pagamento.

f) Para o abono do custo do itinerario de inserción social e laboral:

- Documento acreditativo da realización das accións formativas por cada muller participante, indicando a denominación, contido, duración, datas de realización e a entidade que imparta a acción formativa, así como o resultado obtido.

De cada acción formativa entregárase diploma acreditativo ou certificado de asistencia.

- Documento acreditativo da realización das sesións de orientación e inserción para a adquisición de habilidades persoais e sociais por cada muller participante, nas que se indique a denominación de cada actividade, o número, duración, persoal que as impartiu.



- Documento acreditativo da realización da diagnose individual de empregabilidade e do itinerario personalizado de inserción, dos talleres de alfabetización dixital por cada muller participante nas que se indique a denominación de cada actividade, o número, duración, persoal que as imparti.

g) Para o abono do custo de execución e seguimento do programa:

- Informes mensuais de prospección

- Compromisos de contratación, que inclúan a seguinte información mínima: perfís das persoas para contratar; número de persoas que se comprometen a contratar; modalidade do contrato, duración e xornada e identificación do centro de traballo.

- Memorias de cada contratación efectivamente realizada. A entidade acreditará a inserción laboral mediante unha memoria da contratación efectivamente realizada, na que se fará constar: tipo de contratación formalizada, modalidade, xornada, data de celebración e duración, copia do contrato laboral subscrito.

- Documento acreditativo do acompañamento a cada participante que acceda ao mercado de traballo mediante contactos coa traballadora e a empresa que se realizarán por calquera medio que deixe proba fidedigna da súa realización.

- Informe mensual de seguimento e xestión sobre a execución realizada no mes precedente, no que se recollerá de maneira pormenorizada o estado do programa, os obxectivos conseguidos, os pendentes de conseguir, o gasto realizado, así como calquera outro aspecto que se considere de relevancia para o bo desenvolvemento do mesmo.

3. A entidade beneficiaria elaborará os modelos de documentos mediante os cales se acreditará a realización das actuacións previstas no convenio, que deberán ser aprobados pola Secretaría Xeral da Igualdade.

4. Esta documentación xustificativa deberá indicar de maneira precisa a metodoloxía utilizada, o procedemento, indicadores ou ferramentas

utilizadas, de maneira que se poida comprobar a veracidade e trazabilidade da realización das accións descritas.

5. Se o importe xustificado fose menor ao previsto, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pago da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

6. Á vista desta documentación, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como o órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito para solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

7. A concesión da axuda verase condicionada ao compromiso escrito da concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control, de acordo co previsto no artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e no artigo 129.1 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018 («Regulamento Financeiro»).

DÉCIMO SEXTA. SUBCONTRATACIÓN

As accións subvencionadas neste convenio realizaranse directamente pola entidade beneficiaria, quedando expresamente prohibida a subcontratación das mesmas.

Non obstante o anterior, non se considerarán como gastos subcontratados aqueles nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización



por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal técnico ou docente para a impartición das actuacións subvencionadas, o alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

Cando de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe de cada un dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

DÉCIMO SÉTIMA.- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e crave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica. gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear a indicada dirección, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas do seu deber de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO NOVENA. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos intereses de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeneral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade para minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou do deber de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

- a non substitución da baixa dunha participante dará lugar ao reintegro do 30% da subvención percibida.
- Non acadar o número de mulleres insertadas dará lugar ao reintegro do 70% da subvención percibida.
- Non impartir a formación exisida neste convenio dará lugar ao reintegro de ata un máximo dun 30 % da subvención percibida.
- Non acadar o número de mulleres participantes no itinerario de inserción social e laboral, dará lugar o reintegro do 30%.
- Impedir ou obstaculizar as actuacións de comprobación da Consellería de Emprego e Igualdade ou outros órganos de control debidamente autorizados: 100 % da subvención percibida.
- Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas na cláusula vixésima primeira: reintegro do 2 % da subvención percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou do deber da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ás actuacións non efectuadas ou non xustificadas.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegraranse ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías abonadas, cos intereses a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.



VIXÉSIMA. COMPROMISO DAS PARTES

A entidade CRUZ VERMELLA, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Incluír toda a información detallada da execución realizada do programa polos medios informáticos habilitados con esta finalidade polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do programa, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos ás actuacións subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Xunta de Galicia-Consellería de Emprego e Igualdade-Secretaría Xeral da Igualdade, así como polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- As actuacións obxecto deste convenio así como canta publicidade se faga sobre o mesmo deberán estar debidamente identificadas de conformidade coas obrigas que en materia de información, comunicación e publicidade determine a normativa interna e da Unión Europea para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, debendo facer mención na documentación que se xere da orixe deste financiamento, velando por darlle visibilidade e, incluír, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento que indique «financiado pola Unión Europea- Next Generation EU».
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.

- Someterse ás actuacións de seguimento, control e avaliación que se establezan no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as obrigas específicas relativas á información e publicidade, control, verificación, seguimento, avaliación e demais obrigas impostas pola normativa interna e da Unión Europea que para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE se establezan e cuxa aplicación sexa de obrigado cumprimento.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así mesmo na súa condición de entidade colaboradora a CRUZ VERMELLA quedará obrigada a cumprir as obrigas sinaladas no artigo 12 da dita Lei de subvencións e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e deberes asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente pública nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da firma deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10



e 13 do Regulamento de dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego e Igualdade, dos deberes previstos no Título I da citada lei. O incumprimento deste deber determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e non utilizar ningún dato desa información de xeito distinto ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral da Igualdade e cumprir coas obrigas sinaladas no artigo 28 do Regulamento (EU) 2016/679.

- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, así como cuantos estados contables e rexistros específico sexan esixidos coa finalidade de garantir o idóneo exercicio das facultades de comprobación e control.

- Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado que permita unha pista de auditoría suficiente, respecto dos ingresos da axuda percibida e conservar toda a documentación relativa á subvención, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Neste sentido deberán conservar os documentos xustificativos e demais documentación concernente ao financiamento, en formato electrónico, durante un período de 5 anos a partir da operación, ou de tres anos cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos

previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento Financeiro).

- Contratar un seguro de cobertura de accidentes para o alumnado ou participantes nas actuacións que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os dos desprazamentos para a asistencia a elas.
- Controlar a asistencia ás accións formativas que se realicen, e garantir que as persoas propostas para a certificación acreditativa da realización das ditas accións teñan asistido como mínimo ao 80% do total das súas horas.
- Aplicar medidas para evitar o fraude, a corrupción e os conflitos de interese á hora de aplicar as subvencións recibidas á financiamento de proxectos e actuacións.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. COMPROMISO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE

1. A entidade beneficiarias da subvención regulada neste convenio deberán garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio Do Not Significant Harm-DNSH) e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

2. As solicitudes deberán acompañarse dunha declaración responsable de adecuación ao principio de «non causar prexuízo significativo», no sentido establecido no punto 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

3. En todo caso as entidades beneficiarias preverán mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio Do Not Significant Harm-DNSH) e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

VIXÉSIMO SEGUNDA. MEDIDAS QUE REDUZAN O RISCO DE FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLICTOS DE INTERESE

De acordo co previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, a Secretaría Xeral da Igualdade aprobou, con data 30 de decembro de 2021, un Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que ten en conta as accións a acometer no "ciclo antifraude" e que se concretan en medidas de prevención, detección, corrección e persecución. Así, entre outras, o citado Plan contempla medidas como establecer e implantar medidas que regulen as declaracións de ausencia de conflitos de interese nos procedementos nos que se utilicen fondos e se regulen os supostos nos que actuar cando se denuncia ou detecta un conflito; suspender a tramitación de proxectos nos que se teñan detectado supostos de fraude que non consistan en meras irregularidades administrativas ou iniciar os procedementos de reintegro cando as actuacións produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares

Ademais do anterior, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da

Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES).

VIXÉSIMO TERCEIRA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

VIXÉSIMO CUARTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal maneira que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

VIXÉSIMO QUINTA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro , de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

VIXÉSIMO SEXTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

VIXÉSIMO SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio, constituirase unha comisión de seguimento, que estará composta por dúas persoas representantes de cada unha das entidades asinantes do convenio.

A comisión de seguimento reunirse unha vez ao mes durante a vixencia do convenio, para a súa avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha idónea execución das accións previstas.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro , de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e

funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

VIXÉSIMO OITAVA. NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, na súa falta, polas normas de dereito privado e no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

Así mesmo, as subvencións reguladas neste convenio están suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade coa decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID) e estarán sometidas á plena aplicación dos procedementos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, así como as obrigas específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería

de Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO NOVENA. PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da firma, finalidade e período de vixencia.

A firma do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberta.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, outórgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas coa expresión da entidades beneficiaria, a contía e a súa finalidade. A firma do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Así mesmo en virtude da Orde TES/1490/2021, de 23 de decembro, pola que modifica a Orde TES/897/2021, do 19 de agosto, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico 2021, para a súa xestión polas



comunidades autónomas con competencias asumidas no ámbito laboral, créditos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinados á execución de proxectos de investimento “Plan Nacional de Competencias Dixitales” e “Novas Políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo” recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia publicárase no primeiro trimestre do 2022 no Diario Oficial o instrumento xurídico que articule a colaboración.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

TRIXÉSIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoas a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE Regulamento xeneral de protección de datos), a entidade CRUZ VERMELLA en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

A entidade cumprirá así mesmo o establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 facendo especial referencia ao deber de confidencialidade, ás medidas de seguridade a adoptar e a posibilidade de subcontratación no seu caso.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.



O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

TRIXÉSIMA PRIMEIRA. DURACIÓN E PRÓRROGA

O presente Convenio terá vixencia desde a súa firma e ata o 31 de decembro de 2023, podendo ampliarse o período de execución durante 12 meses máis, en caso de aceptación polas partes asinantes do mesmo, antes da súa finalización.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

A Conselleira de Emprego e Igualdade



María Jesús Lorenzana Somoza

A presidenta Autonómica de Cruz Vermella Española



María del Carmen Colmeiro Rojo